



Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	Data:
CON/12/2012	CONWI05J	25-04-2012
6D69095Z6B0E241C0BY5		

MESA DE CONTRATACIÓN

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

PRESIDENTE:

D. José M. Blanco Suárez (Alcalde-Presidente)

VOGAIS

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral)
D. Manuel G. Antón Villamil (Interventor Accidental)
D. Alfonso López Filgueira (Xefe do Servizo Sociocomunitario)

SECRETARIO

D. Ignacio Mazaira Garro. (Xefe Sección Contratación)

En Narón, sendo as 12 horas e 25 minutos do día 25 de abril de 2012, reúnese a Mesa de Contratación

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, coa asistencia das persoas anteditas, en cumprimento do previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares, que regula a contratación do "Asistencia Técnica a Bibliotecas", co gallo de tratar o punto da orde do día "Exame da documentación administrativa"

De conformidade co artigo 26.1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento común, considerouse válidamente constituída a Mesa de Contratación, procedendo o Sr. Presidente á apertura da sesión.

En primeiro lugar o Secretario do órgano colexiado informou aos membros da Mesa das proposicións recibidas ata o momento do peche da recepción de ofertas, sendo estas:

LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS S.L.
TEDAGA S.L.



NARÓN

COBRA SERVICIOS AUXILIARES S.A.
EULEN SERVICIOS AUXILIARES S.A.
ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES S.A.
SERINDOC S.L.


A continuación procedeuse á cualificación da documentación presentada polos licitadores nas súas propostas dentro do sobre "A".

Examinada esta documentación presentada a Mesa de Contratación considerou insuficiente a acreditación de solvencia técnica presentada pola empresa ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES S.A., polo que se rexeita esta empresa, considerando correcta a documentación presentada polas demais empresas.

Seguidamente, o Sr. Presidente pregunta aos membros da Mesa se desexaban realizar calquera pregunta, observación ou aclaración a realizar. Non se produxo intervención algunha ao respecto.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as doce horas e trinta e cinco minutos da data indicada no encabezamento, do desenvolvemento da mesma eu, como Secretario, dou fe. Levantándose acta do desenvolvemento deste acto que asino co Visto e prace do Sr. Presidente.

Vº e Prace
O PRESIDENTE



O SECRETARIO